

<b>Proposta de nome para o proxecto</b>	<b>Club de Debate</b>
<b>Proposta presentada na xuntanza do</b>	30/5/12
<b>Datos da persoa que fai a proposta</b>	Conchi Cochón
<b>Breve descrición</b>	É unha actividade para que a xente nova practique a comunicación oral en público, participando en debates por equipos, arredor dun tema coñecido de antemán. Os equipos están formados por entre 4 e 10 mozos e mozas, co seu preparador/a. Nun tempo determinado teñen que expoñer argumentos a favor ou en contra dun tema. Un xurado valorará distintos aspectos das intervencións: calidade da lingua, solvencia das teses expostas, o axuste ao tempo do que as persoas oradoras dispoñen para a exposición...
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Dinamizar o uso oral da lingua, en contextos formais, a través da oratoria, e en contextos informais, promovendo as relacións entre a xente nova.</li> <li>– Adquirir estratexias para falar en público desde o galego</li> <li>– Promover o uso do galego entre a mocidade</li> <li>– Colaborar cos ENDL dos centros de ensino secundario</li> <li>– Favorecer espazos de relación entre a xente nova ligados ao galego</li> </ul>
<b>Explicación da acción</b>	Os equipos dispoñen de varias semanas para preparar os argumentos que terán que defender, a favor ou en contra do tema proposto. Hai unha fase eliminatoria e unha fase final, á que pasan os dous equipos que obteñan máis puntos na valoración do xurado. Na eliminatoria, os equipos enfróntanse de dous en dous. Durante 35 minutos os dous equipos exporán os seus argumentos: un equipo a favor e outro en contra. O equipo contrario pode facer preguntas. Os debates son nun escenario, cun atril con micrófono para o orador.
<b>A quen vai dirixida a acción?</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Estudantes de 2º, 3º de ESO e 1º de bacharelato.</li> <li>– Profesorado dos ENDL</li> </ul>
<b>Quen se propón que a promova?</b>	- SNL de concellos
<b>Necesidades materiais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Un espazo para realizar os debates,</li> <li>– cronómetros que vexan os equipos, o xurado e o público,</li> <li>– atril e micro para a persoa oradora,</li> <li>– mesas con micros para os dous equipos que debaten,</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>– mesas cun micro e cronómetro para o xurado,</li> <li>– ordenador para proxectar o material de apoio que poidan levar os equipos</li> <li>– premios para o equipo gañador e para o finalista</li> <li>– curso de iniciación ás habilidades comunicativas</li> </ul>
<b>Necesidades humanas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– un/unha profesor/a que prepare cada equipo,</li> <li>– cada equipo: de 4 a 10 estudantes de 3º, 4º ESO ou 1º bacharelato,</li> <li>– 5 persoas para o xurado</li> </ul>
<b>Proposta de xestión do proxecto</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fase local ou comarcal: un ou varios concellos dunha área pequena, que reúnan de 5 a 8 equipos. De cada fase sairá un equipo gañador que pasará á fase final galega.</li> <li>- Fase final galega: na que participarán os equipos gañadores de cada fase comarcal.</li> </ul>
<b>Prazos previstos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Ata decembro: inscrición dos equipos e curso de iniciación ás habilidades comunicativas</li> <li>– De xaneiro a marzo: fases comarcais (ou locais, se é o caso)</li> <li>– Abril: fase final galega</li> </ul>
<b>Outras observacións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Esta actividade xa se puxo en marcha este ano. Participaron varios concellos.</li> </ul>